



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura comparada

Materia	Literatura comparada			
Código	V01G160V01403			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Becerra Suárez, María del Carmen			
Profesorado	Becerra Suárez, María del Carmen González Maestro, Jesús			
Correo-e	cbecerra@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo do desenvolvemento da Literatura Comparada desde o seu nacemento ata a actualidade. Adícase unha atención especial aos novos paradigmas asumidos polos comparatistas, fundamentalmente á formación do canon e á vinculación da Literatura Comparada con outras manifestacións artísticas, en particular co cine.			
	A parte práctica consistirá na aproximación interartística a diversas formas, temas e xéneros desde orientacións contemporáneas.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Saber apreciar a diferenza estética.	A10	B2
	A11	B3
Saber relacionar os textos literarios co seu contexto.	A4	B3
Ser capaces de ler textos de Teoría da Literatura de orientacións teóricas diversas situándoos na que corresponda.	A4	B2
	A6	B3
		B5
Comentar textos literarios diversos relacionándoos co xénero ao que correspondan e sabendo xustificar esa adscripción.	A4	B2
	A6	B3
	A7	
	A9	

Contidos

Tema	
1. Historia e concepto da Literatura Comparada	1.1 Historia 1.2. Concepto
2. Vías da Literatura Comparada	2.1. Xenoloxía 2.2. Morfoloxía 2.3. Tematoloxía 2.4. Relacións interartísticas
3. Tematoloxía: os mitos	3.1 O mito de Don Juan: orixen 3.2. O drama fundacional 3.3. Evolución do mito de Don Xoan (S. XVII-S. XXI), na cultura occidental.
4. Relacións interartísticas	4.1. O mito de Don Xoan no cinema

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	0	4
Sesión maxistral	30	30	60
Traballos tutelados	6	12	18
Debates	6	6	12
Presentacións/exposicións	2	14	16
Traballos e proxectos	4	36	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a conferencias ou a calquera outro evento formativo que se organice na Facultade e teña relación coa materia.
Sesión maxistral	O profesor explicará en profundidade os temas que se tratarán na materia, cunha bibliografía básica e posibilidade de intervir o alumnado
Traballos tutelados	Lecturas de obras, sobre as que versarán os traballos e proxectos. Comentarios de texto. Exposicións en clase
Debates	As exposicións irán sempre seguidas de debate
Presentacións/exposicións	Presentacións na clase dunha lectura ou un traballo previamente elaborado en grupo, ou ben de forma individual.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Intentarase seguir a marcha de cada alumno/a en titorías individuais, e nas de grupo orientarase ao alumnado antes de cada elaboración e exposición dun traballo, para garantir que este non chegue con dúbidas (teóricas ou metodolóxicas) á presentación e defensa do tema.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Valorarase o resultado final do traballo tutelado: a súa profundidade no tratamento da temática e a capacidade para facer unha lectura crítica dos materiais de traballo.	25
Presentacións/exposicións	Valorarase a calidade da exposición, a corrección da linguaxe, e o pertinente dos argumentos.	25
Traballos e proxectos	A realización dos traballos, a súa entrega na data e a avaliación positiva destes será condición indispensable para superar a materia. Terase en conta a correcta asimilación dos contidos, pero tamén a utilización adecuada dos instrumentos metodolóxicos, a presentación formal, así como a redacción. Os traballos terán un peso dun 50 % da cualificación final da materia.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia está dividida en dúas partes e será impartida por dous profesores: Jesús González Maestro (temas 1º y 2º de Contidos) e Carmen Becerra Suárez (temas 3º y 4º de Contidos). A calificación final será o resultado da media das calificacións obtidas polo estudante en cada unha das partes

Séguese a avaliación continua, que esixe a asistencia como mínimo ao 80% das clases, e con participación nas actividades. Se non se pode cumprir esta condición, hai que advertilo ao profesor argumentándoo, e ao principio das clases.

Ao final de cuadrimestre (1ª edición de actas) e na data marcada pola FFT realizarase unha proba á que poderán presentarse quen non puidesen seguir o curso de modo presencial ou quen opten por presentarse só ao exame final (avaliación única). O exame consistirá en: dúas preguntas de resposta longa cuxos enunciados coincidan cos dos contidos do programa, ou ben se deixen reducir facilmente a eles; unha proba práctica de comentario de texto, no cal haberá que recoñecer algunha das estruturas ou contidos do programa.

A proba de segunda convocatoria terá a mesma estrutura que a citada. Para os estudantes que seguiron a avaliación continua terase en conta os resultados positivos alcanzados en maio.

Bibliografía. Fontes de información

Becerra, Carmen, **Mito y Literatura. Estudio comparado de Don Juan**, Vigo, 1997,
Guillén, Claudio, **Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada.**, Barcelona, 1985,
González Maestro, Jesús, **Idea, concepto y método de la Literatura Comparada.**, Vigo, 2008,
Romero López, Dolores, **Orientaciones en literatura comparada**, Madrid, 1998,
Rousset, Jean, **El mito de Don Juan**, Madrid, 1985,
Villanueva, Darío, «**Literatura comparada y teoría de la literatura**», **Curso de teoría de la literatura**, Madrid, 1994,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Crítica literaria/V01G160V01922

Materias que se recomenda ter cursado previamente

(*)/
